



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 659 121
Email: educacion@arteixo.org

CAMPAMENTOS SEMANA SANTA 2024

Campamento concilia
Laboratorio Musical

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **1 ao 14 de MARZO. Deberán poñer no asunto campamento SEMANA SANTA 2024**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude
- No caso de superar o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 15 de marzo ás 10 horas.
- O prazo de formalización de matrícula será do 18 ao 20 de marzo

CAMPAMENTO CONCILIA

CREA E XOGA

- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias
- Ofrecer outra alternativa de ocio e tempo libre ós nenos e nenas menores do Concello.
- Promover actividades medioambientais, culturais, deportivas e de ocio durante as vacacións.
- Favorecer o protagonismo e a participación nas actividades que realizan os menores.
- Fomentar o respecto polo entorno mais inmediato onde viven.
- Formar ós participantes, fomentando comportamentos que promovan unha interacción da sociedade co medio ambiente
- Adquirir maior sensibilidade e conciencia co medio ambiente.
- Favorecer o desenvolvemento das capacidades motrices, físicas, artísticas, plásticas, estéticas, creativas, emocionais e de relación cos menores.
- Aprender a traballar en grupo respetar o traballo dos demais.



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 659 121
Email: educacion@arteixo.org

Destinatarios: rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroada. (ESCOLARIZADOS DE 3 A 12 ANOS).

Temática: CREA E XOGA

Para o desenvolvemento desta actividade a programación sustentárase en cinco eixes principais para traballar, de forma transversal, o desenvolvemento personal e grupal dos e das participantes a través de:

- Actividades multideportivas e lúdico recreativas.
- Actividades cooperativas e de traballo en equipo.
- Actividades socioculturais e educativas.
- Corresponsabilidade e promoción da igualdade no deporte.
- Promoción de hábitos de vida saudable e hixiene.

Servizos ofertados no campamento concilia

Campamento de 10:00 a 14:00h.

Servizos complementarios:

- Madrugadores dende ás 7:15h
- Xantar de 14:00h a 16:00h
- Ludoteca de 16:00h a 17:30h
- Transporte
- Custo :**16 euros** (servizos aparte)

Madrugadores sen almuerzo: 6 euros
Madrugadores con almuerzo: 10 euros
Xantar: 16 euros
Ludoteca: 6 euros
Transporte gratuíto

Datas de execución: 25, 26 e 27 de marzo e 1 de abril 2024

CAMPAMENTO CONCILIACIÓN

Lugar de execución: **CENTRO INTERXERACIONAL BALNEARIO**



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 659 121
Email: educacion@arteixo.org

LABORATORIO MUSICAL

A BUSCA DO TESOURO

De cara ao período de Semana Santa, propónse unha actividade lúdico-educativa orientada a complementar a formación ofrecida dende a Escola Municipal de Música de Arteixo.

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada.

Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvolto en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado: Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Nesta ocasión, traballarase como contido transversal, “**A busca do Tesouro**”. A través dunha metodoloxía vivencial, enfocarase a música como un elemento clave na busca do tesouro, sendo esta o eixe vertebrador deste obradoiro.

Destinatarios: 30 nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos

Servizos ofertados no Laboratorio Musical

Campamento de 10:00 a 14:00h.

Datas de desenvolvemento: 25, 26 e 27 de marzo e 1 de abril 2024

Horario: 4 horas/diarias. De 10:00 a 14:00 horas

Lugar de execución: Centro Cívico Cultural de Arteixo